

unha fin de semana cos amigos

Meus pais saíran de fin de semana, quedei soa na casa. Pórtate ben, non fagas falcatruadas, poden vir os teus amigos sempre que deixen todo recollido....Bah!...Todas esas cousas que din os maiores.

Así que me dispuxen a pasar uns días estupendos. Quedei coas miñas amigas, algunhas trouxeron os seus irmáns pequenos, outras os compañeiros de clase. Eramos uns doce ,un arriba, un abaixo.

Non sei se dixen que era o mes do Samaín. Novembro. Meigas, trasnos, zombis, lóstregos, noite, lobos, arbores que moven as pólas e xemen axitadas polo vento que en esta época xa e de invernia...

Despois de facer a comida na casa (nada de sopas, nin verduras, nin peixe, iso tiñámolo prohibido. Había que aproveitar que quedara soa; así que veña pizzas, veña hamburguesas, veña salchichas...), saímos dar un paseo.

E onde acabamos...????

Non vos digo máis, pois si...no cemiterio! Alí sentados nas tumbas puxémonos a falar e a falar. Fíxosenos noite.

De súpeto, un murmurio como o pisar das follas secas estremeceunos; un vento xélido cruzounos polas meixelas; un lóstrego atravesou o ceo, un tusir como se non fose deste mundo deixounos paralizados...

De repente, unha sombra enorme, grande, escura...estaba preto de nós. Viña acompañada de dúas sombra máis pequenas; unha delas ría e ría (hihihih); a outra mirábanos cuns ollos grandes como lagoas enmarcados baixo un turbante que apenas deixaba ver nada máis.

Achegábanse e nós non podíamos nin movernos, nin respirar sequera.

A medida que se acercaban, máis rían eles e máis medo tiñamos nos. Un paso, outro paso, un máis e xa preto, máis preto...

-Pero, que estades facendo aquí?
Uf! que alívio. Era Xoán o enterrador!

-Nada, nada. Estabamos a falar e fíxosenos de noite.

-E de que falabades?

-Pois das cabazas que temos que levar ao colexio polo Samaín.

-Ah! Ben. Esas cousas están ben. Vouvos presentar os meus amigos: este é Ibrahim, marroquí; e este outro é Pancho, mexicano.

Falamos con eles. Pancho contounos que en México celébrase moito o día de defuntos: vaise aos cemiterios a comer e beber cos mortos e fálase con eles; cóntaselle todo o que pasou no ano. E fan máscaras cas caras dos finados pintadas

con cores vermellas, verdes, amarelas, azuis, laranxas.....

Ibrahim contounos que no mundo musulmán son moi respectuosos cos mortos . Non teñen un día especial para eles. Pero ensinounos a facer uns debuxos moi bonitos con xena, unha especie de barro.

Así que os dou amigos do enterrador déronnos unhas ideas moi boas para as nosas cabazas: serían de estilo mexicano-marroquí!

E mira ti por onde o día do cemiterio pasou de ser un día de medo a ser un día no que aprendemos cousas doutras culturas. As misturas son sempre boas.

Non teño que dicir que as nosas cabazas foron as mellores de todo o cole!

Alumnas e alumnos de 6º curso de Primaria do CPI "Virxe da Saleta" (San Cristovo de Cea).





HISTORIA DE LOBOS

Hai moito tempo, a xente tiña moito medo porque había moitos lobos. Todas as noites tiñan que facer quendas para vixiar a aldea e para que os lobos non os atacaran. Certo día, un rapaz chamado Miguel decidiu viaxar á cidade en busca da súa noiva Catarina, para pedirlle matrimonio.

Miguel tiña que cruzar un bosque escuro, cheo de feras. Os seus veciños dixéronlle que non o cruzara, pero el non fixo caso. Nin sequera quixo levar unha arma.

Cando estaba atravesando a floresta, de repente escoitou un ruído. Era como se alguén pisara un guizo seco. Miguel asustouse e e botou a correr; iso empeoraba a cousa. Os lobos deron con el e xa estaban a piques de o devorar. Entón Miguel deuse conta de que tiña un chisqueiro e prendeu lume na herba seca. Os lobos asustáronse e fuxiron.

Así, Miguel logrou chegar á cidade e casar con Catarina. E cando tiveron fillos, contoulles a historia para que aprendesen o importante que é ser valente e, sobre todo, intelixente.

por M^a José Aranguren e Celia Rita Otero (4^o Primaria).
(Historia gañadora do concurso de contos de medo do Samaín 2010).

o club de lectura

No curso 2007-2008 púxose en marcha o club de lectura “ **O panadeiro poeta** ” para alumnos de Secundaria e formaba parte das actividades programadas desde a biblioteca do noso centro. É unha actividade complementaria e totalmente voluntaria para alumnos e profesores.

Entre os obxectivos establecidos cando se creou destacamos tres que seguen plenamente viventes:

Formar lectores e lectoras que disfruten coa lectura e a incorporen ao seu tempo de lecer.

Contribuír coa proposta de lecturas escollidas a crear unha conciencia crítica e fomentar valores como a igualdade de xénero, o respecto, a tolerancia, a solidariedade e a defensa do medio ambiente.


Favorecer a comunicación e a convivencia entre os integrantes do club, dándolles a oportunidade de compartir ideas, emocións, experiencias.

É evidente que os dous primeiros conséguense coa lectura das obras escollidas e coas xuntanzas periódicas que temos para comentar as lecturas. O terceiro tamén se ve favorecido coas saídas culturais que realizamos cada trimestre.

O proxecto do club de lectura ten sido presentado desde a súa fundación ás convocatorias anuais de axudas da Consellaría de Educación e ata o de hoxe recibiu unha asignación todos os anos para o seu funcionamento, de xeito que as actividades son totalmente gratúas para os seus integrantes.




Os libros que mercamos para o club pasan a formar parte dos fondos da biblioteca e quedan a disposición de toda a Comunidade Educativa.

No transcurso destes anos, e xa van catro, lemos libros moi interesantes e outros non tanto; coñecemos lugares da nosa xeografía onde non tiñamos estado, visitamos museos e monumentos e fixémonos máis amigos. Podemos dicir que viaxamos coa imaxinación no tempo e no espazo a través dos libros e tamén viaxamos realmente polo noso país.




JOHN BOYNE

NENO DO PIXAMA E RAIAS



OS CARTACES



AS VIAXES




Integrantes do 1º ano (2007 -2008)



Na praza da Quintana e no MUPEGA (2008- 2009)



Na Fundación Neira Vilas e na Casa-Museo de Rosalía (2008-09)



Allariz, no Museo do Coiro e no Museo do Xoguete (2009-10)



En Santiago, no Museo do Pobo Galego (2009-10)



Xacemento "Aquis Querquernis" e beira do encoro das Conchas (2009-2010)

Entrevista a David Jolivet

David Jolivet foi lector no noso centro durante este curso. O seu traballo era que aprendésemos o máximo inglés posible, e abofé que o conseguiu. David vén de Oregón, no noroeste de Estados Unidos. Como é "costume" nos Estados Unidos, tras facer a súa carreira tomouse un ano sabático, que aproveitou para espallar un pouco máis a súa cultura. Dámoslle as grazas por ensinarnos tanto e por ser algo máis ca un mestre con nós. Good bye forever!

-Como tomaches a decisión de traballar como lector?

Fun a Granada no 2009 cunha beca Erasmus e comecei a aprender castelán e quixen regresar para aprender máis o idioma e coñecer máis España. O meu profesor de castelán faloume dos auxiliares de conversa e vin unha oportunidade de aprender máis castelán e de transmitir a miña cultura e o meu idioma por aquí.

-Por que decidiches vir aquí, a Galicia?

Non puiden decidir a que sitio ir, foi todo casualidade, pero estou moi contento aquí. Galicia é moi diferente a Andalucía, e así podo aprender máis aínda.

-Que é o que máis che gusta de aquí?

Galicia parécese bastante a Oregón e estou moi cómodo. Gústame o orgullo que ten moita xente por ser galegos e a vida aquí é máis tranquila. Ademais vivir aquí tamén é máis barato e a xente galega é moi amable e agradable.

-Que é o que máis botas en falta dos Estados Unidos?

Á miña familia e amigos. Ás veces é difícil falar con eles, polas horas diferentes, pero a través de Facebook podo falar con todos e ver o que fan. No Nadal deume tamén pena non estar con eles, pero aproveiteino para facer un tour por Europa. Ás veces vexo en Facebook que os meus amigos están traballando e eu estou viaxando e aprendendo (risas).

-Que impresión lechaches ao chegar a Galicia, e a un lugar tan pequeno para vivir?

A primeira vez que cheguei a Ourense pensei que era unha cidade moi grande, ao baixarme do tren, pero o certo é que é unha cidade pequena e Cea aínda máis. Pero penso que iso é bó para o colexio. Os alumnos son máis tranqui-

los, os rapaces de cidades grandes son máis complicados. No traxecto Ourense-Cea só me pregunta "A onde imos?" ao ver que iamos cara unha aldea.

-Que lle parece Galicia como lugar para vivir?

Para vivir espectacular. A choiva e o frío é o peor, pero é un lugar moi familiar e é fácil atopar a xente coñecida pola rúa. Sair de noite é divertido. O único malo é que Ourense é un lugar complicado para viaxar, xa que teño que ir a Santiago ou a Madrid.

-Que lle pareceron os alumnos?

Excelentes. Cada alumno é único pero os que queren aprender son perfectos. Estou contento cos alumnos, é a miña primeira vez como lector, pero síntome coma un profesor máis en Secundaria e en Primaria. Estou aprendendo pouco a pouco. Ao principio tiña vergonza na clase e era difícil, pero tamén aprendín a preparar as clases moito.

-Que vas facer tras esta experiencia?

Este verán vou traballar nunha empresa de cámaras infravermellas no departamento de marketing durante dous meses. Despois irei a Los Ángeles a empezar a miña carreira de Dereito, durante 3 anos na Universidade do Sur de California (USC). Despois quero ser avogado, pero aínda non estou segu-

ro, ten que pasar o tempo. E penso que a miña comprensión do castelán axudárame, xa que en California hai moitos latinos.

-Viaxas moito, cal foi o país ou a cidade que máis che gustou en Europa?

Praga foi increíble e Budapest tamén, pero penso que a miña favorita foi Estambul. Estiven dous días e non vin case nada, é enorme, pero todo o que puiden ver encantoume.

-Repetirías o traballo como lector?

Si, se puidese si, pero teño que empezar a miña carreira de Dereito.

-Que descubriches en España?

Que podo falar castelán e que podo ser profe de inglés ou incluso, de castelán. Tamén descubrí que ser profesor é moi difícil. Estou moi contento aquí a verdade e que encantárame vivir en Galicia. Estou realmente contento cos alumnos e cos profesores e espero que para o ano que vén teñades outro lector. Grazas por todo.



O noso paso polo CPI Virxe da Saleta

Cada día que pasa, a hora de saír da que foi e será sempre a nosa segunda casa achégase, por moi increíble que resulte. Parece que foi onte cando eramos uns cativos e entramos por primeira vez neste colexio, neste fantástico colexio. Ben certo é, que algúns entramos con máis ganas que outros. Uns estábamos tristes por deixar as nosas nais, por entrar nun lugar que era totalmente descoñecido para nós, que pasaría a ser máis tarde, sen sospeitalo nin por un instante, a nosa segunda casa, parte da nosa vida. Outros, polo contrario, estábamos felices, desexosos por atopar amigos, pasalo ben, xogar, compartir as nosas cousas cos demais.

Co paso dos anos fómonos acostumando a todo isto, á rutina, a esta rutina, levantarnos e decir, o mesmo lugar, a mesma xente, e por moito que queiramos facer crer aos demais e incluso intentar enganarnos a nós mesmos dicindo que non nos gusta, sabemos que é mentira. Claro que non nos gusta estudar, facer as tarefas... pero non podemos negar que nos gusta vir ao colexio e estar coa nosa xente. Aquí temos os nosos compañeiros, mellores amigos, parellas... persoas coas que compartimos momentos, anécdotas... parte da nosa vida. Persoas que permanecerán por sempre nos nosos corazóns, e que nunca serán substituídos por ninguén, por moitas persoas que coñecemos.

Todos temos recordos moi bos da nosa infancia, de infantil e dos primeiros anos da primaria. Todos recordamos con gran agarimo as nosas primeiras mestras, que con tanto esforzo conseguiron educarnos, prepararnos para a secundaria, e por suposto para a vida. Mestres que foron como os nosos pais, porque ademais de ensinarnos a ler, escribir, contar... e de coidarnos, que é outro dos moitos labores tan importantes dun mestre, ensináronnos a ser boas persoas, saber compartir cos demais, pedir perdón cando cometemos un erro e axudar aos outros cando o necesitaron. Aínda que moitos deles xa non estén no centro, como a mestra Esperanza, Dona Fina, Dona Elva, a antiga directora Elda, o mestre Fernando, Dona Pili, a nosa primeira mestra durante os dous anos de infantil, a profesora de Inglés Raquel, varios mestres de Educación Física, a orientadora que nos acompañou o pasado curso, e moitos máis mestres que pasaron polo C.P.I Virxe da Saleta.

Ademais de novos mestres, este ano contamos coa presenza do lector David Jolivet, un xoven de Oregón, ao que por casualidade, tocoulle viaxar a Galicia, terra coa que quedou encantado. E cos alumnos do C.P.I Virxe da Saleta tamén. "Son uns rapaces moi amables e tranquilos" comentounos na entrevista que lle realizamos previamente á súa partida de volta á súa cidade.

Moitas veces pensamos no colexio, e vémolos como unha tortura. Un lugar no que só imos para aprender, traballar, estudar e facer exames... pero é moito máis que todo iso. Nun colexio apréndense valores que moitas veces non están presentes nun fogar. Aprendemos a ser amigos dos que moitos consideran ser os nosos propios inimigos, os profesores.

Pois ao fin e ao cabo, a quen lle debemos parte do que somos hoxe? A eles, porque un mestre sempre quere para o seu alumno o mellor.

Pero ademais da boa xente do colexio, tamén temos presente todos estas celebracións festexadas no noso centro. Entroidos, magostos, Nadaís, Días da árbore, Letras Galegas... momentos nos que convi-

vimos, traballamos e divertímonos xuntos.


Moita xente pensará que só é unha estrutura, algo que non está feito para ser querido ou estrañado... Pero nós temos motivos, moitos motivos para facelo, porque sería como se nos tivéssemos que marchar da nosa casa, pois moitos de nós, a maioría, levamos entre 10 e 13 anos aquí. Moitos, moísimos momentos, e agora só quedan meses, semanas, días... En nada estaremos saíndo de aquí para non voltar máis, ou polo menos, non da forma en que o vimos facendo ata o de agora. Porque todas esas mañás, eses recreos... non se volverán repetir e nada será igual... Pero o peor de todo isto son os compañeiros: cada un de nos collerá camiños diferentes. Para cada un de nós comezará unha nova etapa da nosa vida.

Despois de mirar un pouco atrás e pensar en todo o que levamos vivido aquí, só podemos sorrir, pero pensar en marchar e volver a comezar de novo fai que nos invada a tristeza. Quizais sexa difícil explicar a sensación que temos nestes momentos, non é un sabor amargo, é tristeza pero ao mesmo tempo felicidade. Estamos contentos de poder estudar no C.P.I Virxe da Saleta, e de saír cun bo sabor de boca.




E para este verán... libros a mancheas

PRIMEIROS LECTORES



A galiña Rosalía de Pat Hutchins ...saíu pasear, atravesou a eira, rodeou a poza..."



Negros e brancos de David McKee. Hai moito tempo, todos os elefantes do mundo eran negros ou brancos. Amaban a todos os animais, mais eles odiábanse, e cada un mantíñase ao seu lado da selva.



Rato de campo e rato de cidade de Kiko Dasilva. Había unha vez un rato de campo que vivía no tronco dunha árbore. Gustáballe o aire limpo da mañá e o son do vento a bater nas pólas.



O libro da illa de Cortegada de Amalia Pérez Otero e Michel Casado. A illa de Cortegada agacha un tesouro que o trasno Illote coida desde hai centos de anos. Os nenos e nenas que até alí chegan ten-


DE CINCO A SETE ANOS



A memoria das árbores de X. Antonio Neira Cruz e Kiko Dasilva. Cando Tano naceu, seus pais plantaron no xardín da casa a semente dunha árbore, dun baobab. "Ha medrar canda ti" dixéronlle, e foi pasando o tempo... (Inclúe CD. Música de Marcial del Adalid).



Este é o medo de Oli e Pepe Carreiro. Dous irmáns, neno e nena, dormen no seu cuarto. É noite pecha... Unha gran cidade, o silencio, a escuridade... iso é o medo. Pero... o medo tamén ten medo, ou non?



E haberá tirón de orellas? de M^a Victoria Moreno. A cadeliña Alma narra en versos fermosos a súa volta a casa na compañía dun pardal.



O león durmiñón de Anxo Fariña. Breogán, Don Quixote e mais Sancho Panza atopan un león que un domador lle leva ao conde Treboliflor. Os leóns son moi feros, mais a este só lle gusta durmir


A PARTIR DE 8 ANOS



Os contos tolos da avoa Paulina de Loli Rial e Pepe Carreiro. A avoa senta nun curruncho e fala de cousas increíbles. Xunto a ela chegan homes e mulleres, parulos, vermes e ata pantasma.




O monstro dos Ancares de Toño Núñez. En plena serra dos Ancares viviu unha vez, hai moitos anos, un temible monstro de sete cabezas que sementaba o medo entre todos os habitantes das montañas. O señor do castelo de Navia de Suarna chegou a perder tres dos seis fillos, mortos polo monstro. De aí que xurase venganza.



A noite dos animais de A. Fernández Paz. A misteriosa historia de Raquel e o caderno chinés. A noite na que queda soa na casa, Raquel decide estrear o caderno chinés que lle regalou a súa tía. Ela non sabe que ese caderno tan especial ten propiedades máxicas.



A sopeira e o cazo de Michael Ende. Os reis Ruperto e Rufina tiveron unha filla: Comba. Os reis Filiberto e Fidelina, un fillo: Berenguer. Ambas as parellas reais esquecen invitar ao bautizo a fada Petronila Perrenchuda, e esta, para vingarse, failles un agasallo máxico: a uns, unha sopeira sen cazo; a outros, un cazo sen sopeira.



Os Megatoxos e Os Templarios da Luz de Anxo Fariña. Para Ruxe, Ninfa, Lúa e Faísca, a vida non volverá a ser igual despois dos recentes acontecementos vividos. Algo tan inocente como unha viaxe de estudos coa clase vai transformarse, grazas a intervención dos xemelgos Ezbel e Exería, nun inesperado pesadelo.



As desgrazas de Sophie de Valérie Dayre. Ás veces, as preguntas máis difíciles de contestar son as que un non espera. Isto ocórrelle a Sophie cando, un día, seu fillo a sorprende cunha pregunta: «Podes contarme algo que te fixese medrar?».



Avenida do parque, 17 de A. Fernández Paz. A vida de Marta experimenta unha súpeta transformación cando seus pais deciden trasladarse á cidade e alugan unha vella casa. De feito, ao pouco de mudarse, Marta comeza a oír ruidos extraños no seu cuarto.



Xela volveuse vampira de Fina Casalderey. Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivente de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubri-lo. Inclúe DVD.

A PARTIR DE 12 ANOS



De cómo o Santo dos Croques se fai peregrino de Pepe Carballude. Divertida novela sobre o Camiño de Santiago. ¿Imaxinades por un intre que a escultura do Mestre Mateo e máis un par de figuras do Pórtico da Gloria cobrasen vida e se puxesen a facer o Camiño de Santiago?



O meu gato é un poeta, Fran Alonso. É este un libro que pretende transmitir a poesía dun xeito lúdico, divertido e, sobre todo, accesible para os lectores e lectoras. O libro vai acompañado dun CD con música de Xurxo Souto. O meu gato é un poeta conta tamén con web propia www.gatopoeta.net.



A casa da luz de Xabier P. Docampo. Alicia é unha rapaza moi triste e, ao parecer, cun irrefreábel desexo de saber, de coñecer e de experimentar. Cando Alicia e os seus amigos, Álvaro, Aida, Alba e Anxo se afanaban en construír unha cabana, apareceu Pumariño, un vello que andaba sempre a picar nas paredes da casa de Eiravella. Alicia e a súa panda descubrirán que trala mudez de Pumariño, arrástrase unha tristísima ferida familiar que vén dos tempos da guerra.



A retirada de Sir John Moore. Pepe Carreiro. Nos derradeiros días do ano 1808 Sir John Moore, xefe das tropas expedicionarias británicas que operaban na península, decide retirarse á Coruña e embarcar para Inglaterra ante a ameaza de Napoleón. O argumento do libro xira arredor da peripecia de Teixugo, un arrieiro galego que anda polas terras leonesas, que dá de fociños cos dous exércitos, o inglés e o francés.

DE CATORCE EN DIANTE



Exogamia 0.3 de Ramón Caride.
O último libro do noso conveciño R. Caride reúne media ducia de relatos suxestivos, que permiten abrir un debate sobre algúns dos temas candentes do noso tempo. Cuestións nas que a ciencia é a protagonista, problemas decisivos para a humanidade aos que ninguén pode quedar alleo



Dragal II. A metamorfose do dragón . Elena Gallego Abad.
Coa policía investigando o extraño roubo da igrexa de San Pedro, Mónica prepárase para acudir á súa cita na Poza da Moura. A moza non sabe aínda a noticia da desaparición de Hadrián.



Campos de Cuba (cómic). Fran Jaraba. Tras Cita na Habana, cómic onde Fran Jaraba deu a coñecer o personaxe de Maxi Torres, aparece "Campos de Cuba", álbum onde se narran novos e emocionantes episodios.



Despois da medianoite. Salma. (autora)/ María Reimóndez (Tradutora). No entorno abafante dunha pequena aldea, no lugar pechado das casas e das cocinas, transcoren as vidas de Rabia, Wahida, Rahima, Zohra, Firdaus e o resto das mulleres de **Despois da medianoite**. As súas arelas, os seus problemas e solucións vannos levando por un camiño de dificultades onde a busca da liberdade se atopa fanada de maneira constante.




Non hai noite tan longa . Agustín Fernández Paz. Gabriel Lamas ten cincuenta anos e vive en París desde 1970. Aos dezaoito anos marchou de Monteverde, a súa vila natal, e nunca máis volveu. Só trinta e dous anos despois, o falecemento da súa nai é o que o forza a regresar. Entón, comprobará que nunca podemos fuxir do noso pasado

Pipo o Paxariño — 1º de Primaria

Pipo, o paxariño que salvou a fraga

Había unha vez un paxariño que vivía nunha fraga. Un día buscando un bidueiro para facer o seu nido, decatouse de que uns camiións levaban residuos tóxicos a su fraga. Pipo que así se chamaba, empezou a voar e avisar a todos os animais da fraga: oses, lobos, raposas, xabaliños, serpes, peixes, ourizos, equios, minocas, bolboretas...

Entre todos entrevaron os residuos tóxicos con areia, pedras, troncos, follas... e conseguiron salvar a súa casa, é decir a fraga.



O xardín.

Había unha vez un xardín cheo de flores. E sempre estaban rifando porque todas querían ser as máis fermosas. A rosa decía: "Eu son a máis fermosa porque os meus pétalos cheiran moi ben." Pero a margarida decía: "A miña flor nace antes e teno dúas cores, branca e amarela". As demais flores escoitaban esta conversa e todas pensaban que as súas cores e os seus aromas eran os mellores. O final, despois de se mirar entre elas comprenderon que o xardín estaba moi fermoso porque había moitas cores e aromas.



ALUMNOS QUE SE VAN...



No primeiro trimestre deste curso 2010-2011 foise Israel. Botámolo moito de menos porque era un bo compañeiro. Foi para a escola da Ucaira, en Carballiño.

... E OUTROS QUE VEÑEN.



Pero, chegou Valeria no terceiro trimestre. Veñ de Colombia. Fixemos unha festa de benvida e pasámola moi ben. Valeria di que está contenta no noso cole porque hai bo compañeiros.

que bonita é a lúa chea



galería de personaxes do entroido



3º
d
e
P
r
i
m
a
r
i
a

Búscanos en Facebook, Twitter e Tuenti
Rúa da Costa, s/n 32130 Cea - San Cristovo de Cea (Ourense)
Tfno.: 988 28 21 69 Fax: 988 28 24 00
<http://centros.edu.xunta.es/cpivixedasaleta/> - cpi.saleta.sancristovo@edu.xunta.es